



*AVALIACIÓN DA  
SATISFACCIÓN  
COA FORMACIÓN*

*Ano 2013*

# PRESENTACIÓN



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



**ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICA**

A EGAP vén traballando nos últimos anos na **consolidación** do sistema de avaliación da formación, paralelamente a outras iniciativas de mellora, co propósito de coñecer os niveis reais de satisfacción do alumnado coas actividades e co labor docente.

A avaliación é, hoxe, unha **actuación transversal** ao desenvolvemento dos plans formativos, **extensiva** a todas as modalidades de ensino e da que son partícipes os **distintos axentes** implicados na formación, os cales achegan as súas valoracións mediante distintos modelos de **cuestionario** específicos.

Grazas á información sistemática e permanente da que se dispón, é posible **mellorar a programación e a xestión** da formación durante o desenvolvemento das actividades, garantindo ademais unha maior adecuación ás expectativas do alumnado. Así pois, a avaliación constitúe un factor clave para promover a

**mellora continua**, máxime nunha organización dedicada á formación dos empregados públicos.

A información, que se obtén a partir dunha serie de indicadores clave para a avaliación dos programas formativos, configúrase como **fonte de aprendizaxe** e guía de acción, que contribúe a incrementar a satisfacción do alumnado e a prestar un servizo de calidade.

Neste contexto, a EGAP **presenta o informe** de resultados da satisfacción coa acción formativa de **2013**, que constitúe o documento no que se sintetizan os principais resultados obtidos.

Trátase do **cuarto informe anual** que a EGAP fai público, co obxectivo de favorecer a transparencia e a rendición de contas ante os empregados públicos e a cidadanía no seu conxunto.

# VALORACIÓNS DO ALUMNADO DOS CURSOS




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICA

*En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso*



*Unha ampla maioría das persoas que asisten ás actividades formativas da EGAP (86%) afirma estar satisfeita de ter realizado o curso. Entre estas, a porcentaxe das que declaran estar “moi satisfeitas” acada un elevado 55%.*

Base: 7.172 enquisas

Escala de resposta 1 a 5



NS/NC = 218 (3,0%)

Media

4,35

*En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso*


*Ambas modalidades de formación, presencial e en liña, rexistran niveis de satisfacción elevados. A valoración media das actividades presenciais é de 4,4.*




Base: 7.124 enquisas  
Escala de resposta 1 a 5  
NS/NC = 139 (2,0%)

*En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso*

*O persoal da Administración autonómica e o de Xustiza comparten niveis elevados de satisfacción coa formación recibida, rexistrándose un dato moi similar na media das valoracións do persoal de ambos colectivos*



Base: 7.148 enquisas  
Escala de resposta 1 a 5  
NS/NC = 216 (3,0%)



*En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso*

		Media	Respostas	NS/NC
<b>Administración Autonómica</b>	Presencial	4,38	1.957	86
	Teleformación	4,33	4.186	117
<b>Administración de Xustiza</b>	Presencial	4,40	35	3
	Teleformación	4,32	706	10
<b>Administración Local (*)</b>	Presencial	4,27	22	2
	Teleformación	--	--	--


*O alumnado das actividades presenciais, da Administración autonómica e de xustiza, é o máis satisfeito coa formación recibida (4,4), se ben tamén se rexistra un **nivel elevado de satisfacción**, similar ao anterior, entre as persoas que acceden á teleformación (4,3). A formación en liña está hoxe consolidada como alternativa de calidade e complementaria á formación presencial, entre un alumnado cada vez máis esixente e consciente das vantaxes que esta modalidade lle reporta en termos de flexibilidade e conciliación.*

\*NOTA: Nas actividades dirixidas ao persoal da Administración local, non se dispón dun número suficientemente representativo de enquisas.



*En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso*

*As mulleres,  
algo máis  
satisfeitas coa  
formación: 6 de  
cada 10 están  
“moi satisfeitas”  
co curso  
realizado fronte  
a 5 de cada 10  
homes. A  
valoración  
media das  
primeiras acada  
o 4,4.*



Base: 6.703 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Mulleres 65,4% Homes 34,6%

*En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso*


		Media	Respostas	NS/NC
<b>Formación transversal (EGAP)</b> [Só persoal da Administración Autonómica]	Réxime xurídico e actividade financeira das administración públicas	4,11	505	12
	Unión Europea: políticas públicas e procedementos	4,09	43	3
	Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades	4,35	506	48
	Administración electrónica, protección de datos e e calidade administrativa	4,15	321	1
	Portal de idiomas	4,41	1.303	10
	Plan formativo ofimático de Galicia	4,38	1.464	67

*As áreas formativas de “Plan formativo ofimático de Galicia”, “Portal de idiomas” e “Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades” rexistran as mellores valoracións (media de 4,4 todas elas); e hai que destacar que estas áreas concentran o maior volume de actividades e que nelas se integra boa parte da formación estratéxica dos empregados públicos, como é o caso da formación en materia de tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).*

*En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso*

		Media	Respostas	NS/NC
<b>Formación específica (Consellerías)</b> [Só persoal da Administración Autonómica]	Presidencia da Xunta de Galicia	3,03	41	3
	Vicepresidencia e C. de Presidencia, AAPP e Xustiza	4,60	837	24
	Consellería de Facenda	4,22	144	6
	Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas	3,69	61	4
	Consellería de Economía e Industria	4,31	48	8
	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	4,29	136	5
	Consellería de Traballo e Benestar	4,22	325	4
	Consellería do Medio Rural e do Mar	4,37	457	8

Valore do 1 a 5 os motivos que o levaron a participar nesta actividade formativa



*A "mellora da formación" é a principal motivación para participar nas actividades formativas (4,6), fronte á "obtención de puntos para a promoción" (3,6), que é o motivo ao que menor importancia se lle atribúe á hora de acceder á formación.*

Base: 7.172 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

Valore do 1 a 5 os motivos que o levaron a participar nesta actividade formativa



*O alumnado de ambas modalidades atribúelle unha importancia similar ás distintas motivacións, sendo a "mellora da formación" a máis destacada. Só se rexistra unha diferenza no caso da "obtenção de puntos", motivo ao que o alumnado da formación presencial lle atribúe menor importancia (3,2).*

Base: 7.172 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

Valore do 1 a 5 os motivos que o levaron a participar nesta actividade formativa



*Tamén é similar a importancia que o persoal da Administración autonómica e de Xustiza lle asignan ás distintas motivacións, non se rexistrando diferenzas significativas entre ambos. A "mellora da formación" é a principal motivación para os dous tipos de persoal.*

Base: 7.148 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

Valore do 1 a 5 os motivos que o levaron a participar nesta actividade formativa




*A "mellora da formación" é a opción máis destacada tanto polas mulleres coma polos homes. As mulleres atribúenlle algo máis de importancia á "obtención de puntos para a promoción interna".*

Base: 6.703 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Mulleres 65,4% Homes 34,6%

*En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso*




*O 55% dos alumnos/as da formación **presencial** declaran estar “moi satisfeitos” de ter realizado o curso, outorgándolle así a mellor valoración posible. Un elevado **98%** está **satisfeito** coa formación cursada na modalidade presencial.*

Base: 2.105 enquisas  
Escala de resposta 1 a 5  
NS/NC = 91 (4,3%)

Media  
4,37



*Considera que a duración do curso foi...*



*A maioría dos alumnos/as da formación presencial, 6 de cada 10, consideran que a duración do curso foi axeitada.*


*O 34% estima que sería conveniente prolongar durante máis tempo a actividade formativa na que participou.*

Base: 2.105 enquisas

Escala de resposta 1 a 5


NS/NC = 133 (6,3%)

*O proceso de inscrición e matrícula no curso foi claro e sinxelo*




NS/NC = 76 (3,6%)

*A organización do curso foi axeitada (información previa, horario, resolución de incidencias ...)*



NS/NC = 77 (3,7%)


*As instalacións onde se impartiu o curso reunían as condicións adecuadas para o seu desenvolvemento*



NS/NC = 21 (1,0%)


*Os aspectos organizativos do curso rexistran moi boas valoracións: o 82% considera axeitada a organización (información facilitada, resolución de incidencias etc.). O proceso de inscrición e matrícula é valorado dun xeito excelente, xa que o 92% considera que foi claro e sinxelo.*

*Os contidos impartidos axustáronse aos obxectivos do curso...*




NS/NC = 19 (0,9%)

*O nivel de profundidade no tratamento dos contidos foi axeitado*



NS/NC = 77 (3,7%)


*O balance entre contido teórico e práctico foi axeitado*



NS/NC = 21 (1,0%)


*O alumnado valora positivamente os contidos das actividades presenciais: o 84% considera que estes se adecuaron aos obxectivos fixados no curso e para o 78% o nivel no que se afondou nos contidos foi axeitado. Para un 72%, acadouse un equilibrio axeitado entre os contidos teóricos e os de carácter práctico.*

*No curso empregáronse materiais que axudaron a seguir o seu contido*




NS/NC = 37 (1,8%)

*Os materiais didácticos utilizados no curso foron os apropiados (actualizados, completos, comprensibles, ...)*




NS/NC = 60 (2,9%)

*Os medios técnicos foron suficientes para o desenvolvemento do curso*




NS/NC = 23 (1,1%)

*Os medios técnicos funcionaron correctamente durante o curso*




NS/NC = 47 (2,2%)

*Este curso mellorou a miña formación*




NS/NC = 95 (4,5%)

*Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade*



NS/NC = 102 (4,8%)

*Este curso resultoume interesante*



NS/NC = 77 (3,7%)


*O 87% dos alumnos/as da formación presencial estima que o curso lle resultou interesante, e o 84% considera que o curso mellorou a súa formación. Un 66% dos alumnos/as considera que poderá poñer en práctica no seu posto de traballo os coñecementos adquiridos.*

	Media	Respostas
En conxunto estou <b>satisfeito</b> de ter feito este curso	4,37	2.014
O proceso de <b>inscrición</b> e matrícula no curso foi claro e sinxelo	4,56	2.029
A <b>organización</b> do curso foi axeitada (información previa, horario, resolución de incidencias ...)	4,25	2.028
As <b>instalacións</b> onde se impartiu o curso reunían as condicións adecuadas para o seu desenvolvemento	3,85	2.084
Os <b>contidos</b> impartidos axustáronse aos <b>obxectivos</b> do curso	4,26	2.086
O nivel de <b>profundidade</b> no tratamento dos contidos foi axeitado	4,10	2.077
O <b>balance</b> entre contido <b>teórico</b> e <b>práctico</b> foi axeitado	3,99	2.042
No curso empregáronse <b>materiais</b> que axudaron a seguir o seu contido	3,97	2.068

Escala de resposta 1 (nada de acordo) a 5 (moi de acordo)

	Media	Respostas
Os <b>materiais</b> didácticos utilizados no curso foron os apropiados (actualizados, completos, comprensibles, ...)	4,03	2.045
Os <b>medios técnicos</b> (pizarra, pantallas, proxectores, TV, vídeo, ordenadores, programas, ...) foron <b>suficientes</b> para o desenvolvemento do curso	3,99	2.082
Os <b>medios técnicos funcionaron</b> correctamente durante o curso	4,02	2.058
Este curso <b>mellorou a miña formación</b>	4,31	2.010
Os <b>coñecementos</b> adquiridos serán <b>aplicables</b> ao posto de traballo que ocupo na actualidade	3,82	2.003
Este curso <b>resultoume interesante</b>	4,38	2.028

## Expón con claridade os contidos do curso



Para un 96% do alumnado das actividades presenciais o persoal docente **expón con claridade** os contidos do curso. Os docentes acadan unha **valoración media de 4,3** (escala 1-5) no que respecta á súa **capacidade para transmitir e facer comprensible a materia do curso.**


Base: 6.589 respostas  
Escala de resposta 1 a 5  
NS/NC = 544 (8,3%)

Media

4,33



## Motiva e esperta o interese dos asistentes polas materias que imparte



O 96% do alumnado considera que os docentes son quen de **espertar o interese** polas materias que imparten entre as persoas que asisten ao curso. A **capacidade de motivación** do persoal docente é valorada cun **4,3**.

Base: 6.589 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 564 (8,6%)

Media

4,28

## Resolve eficazmente as dúbidas dos asistentes



*Os docentes resollen as dúbidas eficazmente na opinión do 97% dos alumnos/as da formación presencial e un elevado 56% está moi de acordo con esta afirmación. A capacidade resolutiva dos docentes acada unha valoración media de 4,4.*

Base: 6.589 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 585 (8,9%)

Media

4,37

## Cumpre axeitadamente o horario establecido



*A práctica totalidade dos alumnos/as avalían positivamente aos docentes respecto do cumprimento do horario, 7 de cada 10 están moi de acordo coa afirmación de que o corpo docente cumpre co horario establecido. A valoración media acada o 4,6.*

Base: 6.589 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 575 (8,7%)

Media

4,59


## Valoración global do/a profesor/a



*O 87% das respostas sitúanse nas valoracións máis altas (4 e 5), á hora de avaliar no seu conxunto o labor desempeñado polos docentes. A valoración media que os alumnos/as da formación presencial da EGAP lles outorgan aos docentes acadou un elevado 4,4.*

Base: 6.589 respostas  
Escala de resposta 1 a 5  
NS/NC = 575 (8,7%)

Media  
4,37




Base: 6.589 respostas

Escala de resposta 1 a 5

## Valoración global do/a profesor/a

*As mulleres  
valoran algo  
máis  
positivamente  
ao persoal  
docente: (4,4)  
ca os homes  
(4,3)*




Base: 5.135 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Mulleres 65,4% Homes 34,6%

## En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso



Entre as persoas que optan pola formación en liña, un **96%** dos alumnos/as que declaran estar **satisfeitos** co curso realizado. O **54%** dos alumnos/as que cursaron algunha actividade na modalidade de teleformación están **moi satisfeitos** co curso realizado.

Base: 5.067 enquisas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 127 (2,5%)

Media

4,33

*Considera que a duración do curso foi...*



*O 78% dos participantes dos cursos en liña consideran **axeitada** a duración do curso. Un 17% estima que a duración do curso no que participou foi “demasiado curta”.*

Base: 5.067 enquisas

Escala de resposta 1 a 5


NS/NC = 238 (4,7%)

*Media*

**4,33**




## A inserción no curso resultoume sinxela




NS/NC = 140 (2,8%)

## Os contidos do curso resultáronme comprensibles




NS/NC = 110 (2,2%)

## Os exercicios e supostos prácticos propostos teñen aplicabilidade práctica




NS/NC = 137 (2,7%)

## As actividades melloraron a comprensión e aprendizaxe da materia




NS/NC = 115 (2,3%)

## Facilitáronme información suficiente sobre o funcionamento da plataforma




NS/NC = 160 (3,2%)

## Facilitáronme información suficiente sobre o modo de traballar no curso



NS/NC = 159 (3,1%)


## Déronme información suficiente sobre o sistema de avaliación



NS/NC = 127 (2,5%)


*O nivel de acordo con que a información facilitada foi suficiente sitúase próximo ao 90% para as distintas cuestións. En concreto, a maioría dos alumnos/as está “bastante” ou “moi de acordo” con que lles facilitaron información suficiente acerca do “funcionamento da plataforma” (89%), “o modo de traballar no curso” (88%) e o “sistema de avaliación” (87%).*

*O curso desenvólvese sen problemas técnicos*




NS/NC = 142 (2,8%)

*Ofrecéronme solucións eficaces para resolver problemas técnicos*



NS/NC = 159 (3,1%)


*O servizo de soporte técnico do curso resolve todos os meus problemas adecuadamente*



NS/NC = 845 (16,7%)


*Os niveis de acordo coas cuestións relativas á resolución das incidencias técnicas acadan porcentaxes de arredor do 80%, o que é indicativo dos esforzos da Escola neste eido. Así, o 81% están “bastante” ou “moi de acordo” con que lles ofreceron solucións eficaces para a resolución dos problemas técnicos e o 79% consideran que o soporte técnico resolveu os eventuais problemas adecuadamente.*

## A navegación a través do curso é sinxela




NS/NC = 138 (2,7%)

## O manexo das diversas ferramentas é sinxelo




NS/NC = 137 (2,7%)

## As ferramentas complementarias (glosario, foro, lecturas...) son suficientes e de calidade




NS/NC = 190 (3,7%)

## Non necesitei instalar outras aplicacións ou programas para poder visualizar o curso




NS/NC = 166 (3,3%)

*A metodoloxía formativa proposta permitiume autoorganizar o meu proceso de aprendizaxe*




NS/NC = 132 (2,6%)

*Durante o curso permitiúseme interactuar cos outros alumnos/as e titores/as*



NS/NC = 165 (3,3%)


*Ofrecéuseme flexibilidade á hora de abordar os contidos*



NS/NC = 146 (2,9%)

*O 90% está “bastante” ou “moi de acordo” con que durante o curso tivo a posibilidade de interactuar con outros alumnos/as e co titor/a, configurándose as actividades en liña como un marco participativo que favorece a colaboración . A “flexibilidade” e a posibilidade de “autoorganización” rexistran, ademais, niveis de acordo do 86% e o 83% respectivamente, polo que o alumnado dos cursos en liña é moi consciente das vantaxes que esta modalidade lle achega en termos de adaptación ás propias necesidades.*

## Este curso mellorou a miña formación




NS/NC = 122 (2,4%)

## Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade



NS/NC = 170 (3,4%)

## O curso pareceume motivador e interesante



NS/NC = 114 (2,2%)

O 83% dos alumnos/as das actividades en liña están “bastante” ou “moi de acordo” con que o curso lle serviu para **mellorar a súa formación** e o 74% expresa o mesmo nivel de acordo en canto a que o curso lle resultou **motivador e interesante**. 6 de cada 10 alumnos/as consideran que poderán **aplicar no seu posto de traballo** os coñecementos adquiridos no curso.


	Media	Respostas
A <b>inscrición</b> ao curso resultoume <b>sinxela</b>	4,63	4.927
Os <b>contidos</b> do curso resultáronme <b>comprensibles</b>	4,06	4.957
Os exercicios e <b>supostos prácticos</b> propostos teñen aplicabilidade práctica	4,28	4.930
As <b>actividades</b> melloraron a comprensión e aprendizaxe da materia	4,13	4.952
Facilitáronme <b>información</b> suficiente sobre o <b>funcionamento</b> da <b>plataforma</b>	4,45	4.907
Facilitáronme <b>información</b> suficiente sobre o <b>modo de traballar</b> no curso	4,44	4.908
Déronme <b>información</b> suficiente sobre o <b>sistema de avaliación</b>	4,39	4.940

	Media	Respostas
O curso desenvolveuse sen <b>problemas técnicos</b>	4,19	4.925
Ofrecéronme <b>solucións eficaces</b> para resolver problemas técnicos	4,18	4.266
O servizo de <b>soporte técnico</b> do curso resolveu todos os meus problemas adecuadamente	4,13	4.222
A <b>navegación</b> a través do curso é sinxela	4,13	4.929
O <b>manexo</b> das diversas ferramentas é sinxelo	4,22	4.930
As <b>ferramentas complementarias</b> (glosario, foro, lecturas...) son suficientes e de calidade	3,99	4.877
Non necesitei <b>instalar outras aplicacións</b> ou programas para poder visualizar o curso	4,24	4.901



	Media	Respostas
A metodoloxía formativa proposta permitíume <b>autoorganizar</b> o meu proceso de aprendizaxe	4,28	4.935
Ofrecéuseme <b>flexibilidade</b> á hora de abordar os contidos	4,38	4.921
Durante o curso permitíuseme <b>interactuar</b> cos outros alumnos e titor/es	4,51	4.902
Este curso <b>mellorou a miña formación</b>	4,26	4.945
Os <b>coñecementos</b> adquiridos serán <b>aplicables</b> ao posto de traballo que ocupo na actualidade	3,61	4.897
O curso pareceume <b>motivador e interesante</b>	4,01	4.953

## *O tutor motivoume e apoioume ao longo de todo o curso*




*No 95% dos casos, o alumnado considera que o tutor/a os motivou e apoiou durante o curso, valorando moi positivamente, polo tanto, o labor de seguimento e motivación desempeñado, que resulta fundamental dadas as características da formación en liña.*

Base: 5.347 respostas  
Escala de resposta 1 a 5  
NS/NC = 227 (4,2%)

Media

4,37

## *Realizou un uso adecuado das ferramentas complementarias do curso (dinamización de foros, chats, etc.).*



*No 94% dos casos, os alumnos/as consideran que o tutor/a realizou un uso adecuado das ferramentas dispoñibles no curso, o que implica o aproveitamento das potencialidades desta modalidade de ensino no que respecta ao fomento da participación e interacción.*

Base: 5.347 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 286 (5,3%)

Media

4,32

## Resolveu adecuadamente todas as miñas dúbidas




*No 93% dos casos, a valoración emitida é que os titores/as da EGAP están a resolver axeitadamente todas as dúbidas. Un 62% do alumnado da teleformación está “moi de acordo” con esta afirmación.*

Base: 5.347 respostas  
Escala de resposta 1 a 5  
NS/NC = 643 (12,0%)

Media

4,33

## Respondeu aos meus correos no tempo establecido




No 93% dos casos, o alumnado considera que o titor/a respondeu os seus correos no prazo establecido. A porcentaxe dos que están “moi de acordo” acada un elevado 67%, o que vén dar conta dunha comunicación áxil e directa entre os titores/as e os alumnos/as dos cursos en liña.

Base: 5.347 respostas  
Escala de resposta 1 a 5  
NS/NC = 695 (13,0%)

Media

4,41

## *Proporciónoume información clara e completa sobre os resultados da miña avaliación*



*No 97% dos casos, os alumnos/as estiman que o titor/a lles proporcionou información clara e completa sobre os resultados da avaliación e un elevado 67% está "moi de acordo" con esta afirmación.*

Base: 5.347 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 268 (5,0%)

Media

4,50

*Proporcionoume información e documentación adicional para ampliar os contidos do curso*



*Nun 93% dos casos, os alumnos/as consideran que o titor/a lles proporcionou información e documentación adicional para ampliar os contidos do curso, o que lles posibilitou afondar no estudo da materia.*

Base: 5.347 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 446 (8,3%)

Media

4,32

## Valoración global do titor/a




*Un 88% das respostas amosan unha valoración moi favorable do labor desempeñado polos tutores/as: o 61% das respostas valoran cun 5 os tutores/as, isto é, sitúanse no máximo valor da escala, sendo o 4 a segunda valoración máis recorrente, ao concentrar o 27% das respostas.*

Base: 5.347 respostas  
Escala de resposta 1 a 5  
NS/NC = 190 (3,6%)

Media  
4,43






Base: 5.347 respostas

Escala de resposta 1 a 5

## Valoración global do titor/a

O 66% das valoracións das mulleres outorgan aos tutores/as a puntuación máis alta, fronte ao 57% das dos homes. A **media** na valoración emitida polas mulleres acadou o 4,52.




Base: 4.710 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Mulleres 65,4% Homes 34,6%

## *O xestor motivoume e apoioume ao longo de todo o curso*




*O 96% dos alumnos/as dos cursos en liña da EGAP consideran que o xestor/a os motivou e apoiou durante o curso; o que supón unha valoración moi positiva do labor de dinamización e apoio desempeñado polos xestores/as das actividades de teleformación.*

Base: 5.067 enquisas  
Escala de resposta 1 a 5  
NS/NC = 943 (18,6%)

*Media*

4,36

## Resolveu adecuadamente as miñas dúbidas relativas á organización e planificación




Para o **93%** dos alumnos/as dos cursos on line, o xestor/a **resolveu adecuadamente as súas dúbidas** sobre os aspectos organizativos; do mesmo xeito que os titores/as resolven dun xeito satisfactorio as dúbidas sobre os contidos do curso.

Base: 5.067 enquisas  
Escala de resposta 1 a 5  
NS/NC = 1,319 (26,0%)

Media

4,27

## Respondeu aos meus correos no tempo establecido




*6 de cada 10 alumnos/as están "moi de acordo" coa afirmación de que os xestores/as responderon aos seus correos no tempo establecido, dando conta así da axilidade nas comunicacións, á hora de atender as consultas do alumnado.*

Base: 5.067 enquisas  
Escala de resposta 1 a 5  
NS/NC = 1.466 (28,9%)

Media

4,27

## Proporciónoume información clara e completa sobre os avances do meu traballo




Para o 95% dos alumnos/as dos cursos en liña o xestor/a proporcionoulle información clara e completa sobre os avances do seu traballo; o que amosa que o alumnado recibe unha retroalimentación permanente dos seus progresos no curso.

Base: 5.067 enquisas  
Escala de resposta 1 a 5  
NS/NC = 1.080 (21,3%)

Media  
4,36

## Valoración global do xestor/a




*A gran maioría do alumnado dos cursos en liña, un 88%, valora positivamente o labor do xestor/a. 6 de cada 10 alumnos/as outórganlle a puntuación máxima ao persoal encargado da xestión dos cursos de teleformación.*

Base: 5.067 enquisas  
Escala de resposta 1 a 5  
NS/NC = 960 (18,9%)

Media

4,41




Base: 5.067 enquisas

Escala de resposta 1 a 5



## Valoración global do xestor/a

O 62% das mulleres outórganlles a puntuación máis alta aos xestores/as (frente ao 54% dos homes), presentando as primeiras, polo tanto, unha inclinación máis positiva nas súas valoracións.




Base: 3.938 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Mulleres 65,8% Homes 34,2%

*En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso*




*A autoformación, colleita boas valoracións no seu primeiro ano de implantación; o que evidencia a boa acollida desta nova modalidade formativa.*

Base: 400 enquisas  
Escala de resposta 1 a 5  
NS/NC = 1 (0,3%)

Media  
4,12

Valore do 1 a 5 os motivos que o levaron a participar nesta actividade formativa




*A ampliación dos coñecementos sobre a materia, “mediante unha aprendizaxe continua, autónoma e flexible”, principal motivo para participar nas actividades de autoformación (4,3). A obtención do certificado de equivalencia é a segunda motivación por orde de importancia (4).*

Base: 400 enquisas

Escala de resposta 1 a 5


Valoracións medias

*Os materiais didácticos dispoñibles na aula virtual axústanse ao título e ao programa da actividade*




NS/NC = 0 (0,0%)

*Os materiais didácticos están completos, actualizados e son de calidade*



NS/NC = 0 (0,0%)


*O nivel de profundidade no tratamento dos contidos é axeitado para o desenvolvemento da actividade*



NS/NC = 0 (0,0%)


*7 de cada 10 están “bastante” ou “moi de acordo” con que os materiais didácticos están completos, actualizados e son de calidade, e con que o nivel de profundidade no tratamento dos contidos foi axeitado. O nivel de acordo coa afirmación de que os materiais didácticos dispoñibles se adecúan ao título e ao programa da actividade achégase ao 80%, o que supón que a inmensa maioría dos alumnos/as consideran adecuados os materiais dispoñibles para a aprendizaxe da materia.*

*O proceso de inscrición e matrícula na actividade foi claro e sinxelo*




NS/NC = 1 (0,3%)

*Os cuestionarios de autocorrección da aula virtual contribúen a assimilar os contidos da actividade*



NS/NC = 0 (0,0%)


*A formación desenvólvese sen problemas técnicos*



NS/NC = 0 (0,0%)


*O alumnado valora positivamente o desenvolvemento das actividades de autoformación: 8 de cada 10 están “bastante” ou “moi de acordo” con que a formación se desenvolveu sen problemas técnicos e o 74% considera que o sistema de autoavaliación empregado contribuíu a assimilar os contidos. Os alumnos/as valoran dun xeito excelente o proceso de inscrición e matrícula nos cursos de autoformación, por canto 9 de cada 10 consideran que foi claro e sinxelo.*

*Esta actividade mellorou a miña formación*




NS/NC = 0 (0,0%)

*Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade*



NS/NC = 0 (0,0%)

*Esta actividade pareceume motivadora e interesante*



NS/NC = 0 (0,0%)

*Case 8 de cada 10 alumnos/as está de acordo con que o curso mellorou a súa formación e lle resultou motivador e interesante; configurándose a autoformación como unha alternativa que está a colleitar un significativo éxito entre as persoas que accederon a esta modalidade de ensino. O 64% considera ademais que poderá aplicar no seu posto de traballo os coñecementos adquiridos.*

	Media	Respostas
Os <b>materiais didácticos</b> axústanse ao título e ao programa	4,07	400
<b>Materiais didácticos</b> completos, actualizados e de calidade	3,84	400
Nivel de <b>profundidade</b> no tratamento dos contidos axeitado	3,85	400
O proceso de <b>inscrición</b> e matrícula na actividade foi claro e sinxelo	4,47	399
Os <b>cuestionarios de autocorrección</b> da aula virtual contribúen a asimilar os contidos da actividade	3,98	400
A formación desenvolveuse <b>sen problemas técnicos</b>	4,13	400
Esta actividade <b>mellorou a miña formación</b>	4,07	400
Os <b>coñecementos</b> adquiridos serán <b>aplicables</b> ao posto de traballo que ocupo na actualidade	3,76	399
Esta actividade resultoume <b>interesante</b>	4,14	399

# *VALORACIÓNS DO PERSOAL DOCENTE DOS CURSOS*



**XUNTA DE GALICIA**


VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



**ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICA**



*Que puntuación global lle daría ao seu labor docente?*



*A autoavaliación axuda aos docentes a reflexionar acerca do propio desempeño profesional. Á hora de auto-examinar o seu labor docente no curso, 1 de cada 4 cualifícao como “moi bo” e a inmensa maioría valórao positivamente*


Base: 396 enquisas  
Escala de resposta 1 a 5  
NS/NC = 18 (4,5%)

*Media*

4,20

## Que puntuación global lle daría ao seu labor docente?

Os titores/as teñen unha percepción algo máis favorable do labor acometido durante o curso: o 32% considérao "moi bo" (fronte ao 23% dos docentes presenciais); se ben ambos colectivos valoran positivamente o desempeño no labor docente.




Base: 396 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 18 (4,5%)

*Valore de 1 a 5 cada un dos seguintes aspectos do seu labor como docente deste curso*




*Á hora de avaliar as distintas dimensións do seu traballo, a “preparación previa dos contidos” é o aspecto mellor valorado (4,5 nunha escala do 1 ao 5). A segunda cuestión por orde de importancia é o “fomento da participación dos alumnos/as” (4,3).*

Base: 396 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

Valore de 1 a 5 cada un dos seguintes aspectos do seu labor como docente deste curso




*Non se rexistran diferenzas salientables entre os docentes da formación presencial e os titores/as da formación en liña nas valoracións das distintas dimensións do seu labor docente. Para ambos colectivos, a "preparación previa dos contidos" é o aspecto mellor valorado.*

Base: 396 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

## Que puntuación global lle daría ao curso?




A valoración do curso por parte do persoal docente acada unha media de 4,3 puntos sobre 5. Son case **un terzo** os docentes que valoran a actividade formativa como “moi boa”.

Base: 396 enquisas  
Escala de resposta 1 a 5  
NS/NC = 11 (2,8%)

Media  
4,27

## Que puntuación global lle daría ao curso?

Non se rexistran diferenzas salientables atendendo á modalidade: a porcentaxe de docentes que cualifican o curso como "bo" ou "moi bo" acada o 97% na formación presencial e en liña.




Base: 396 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 11 (2,8%)

*Pensa vostede que se cumpriron os obxectivos marcados?*



*A totalidade dos docentes considera que se cumpriron os obxectivos fixados ao comezo do curso e, en concreto, un 78% dos considera que os obxectivos se cumpriron na súa totalidade. O restante 22% considera que os obxectivos se acadaron cando menos parcialmente.*


Base: 396 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 23 (5,8%)

*Pensa vostede que se cumpriron os obxectivos marcados?*

*Non se rexistran diferenzas salientables entre a formación presencial e en liña no relativo á consecución dos obxectivos. Así pois, un 80% dos titores/as dos cursos on line e un 76% dos docentes das actividades presenciais estima que os obxectivos se cumpriron na súa totalidade.*




Base: 396 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 11 (2,8%)



*Grao de adecuación dos seguintes aspectos relacionados cos asistentes ao curso*




Base: 396 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

*Grao de adecuación dos seguintes aspectos relacionados cos asistentes ao curso*



Base: 396 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

# CONCLUSIÓNS



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



**ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICA**

## Satisfacción coa formación...

- *O alumnado da EGAP valora moi positivamente a formación: nivel medio de satisfacción de 4,35 (escala do 1 ao 5).*
- *O nivel de satisfacción rexistra unha tendencia positiva, que vai do 4,28 no 2010 ao 4,35 no 2013.*
- *Os alumnos/as dos cursos presenciais, os máis satisfeitos coa formación cursada.*
- *A formación da EGAP, valorada positivamente por todos os destinatarios, sen diferenzas salientables entre eles.*
- *As mulleres, algo máis satisfeitas coa formación (4,41 vs. 4,26): 6 de cada 10 outórganlle ao curso a puntuación máis alta, fronte a 5 de cada 10 homes.*
- *No marco dun Plan de Formación con contidos de interese para todos os destinatarios, a formación presencial sobresa neste aspecto.*
- *Elevado nivel de acordo entre os alumnos/as con que os cursos da EGAP melloran as súas competencias (niveis de acordo próximos ao 85%).*
- *Os coñecementos adquiridos nos cursos presenciais, considerados máis aplicables ao posto de traballo.*

## Valoración dos docentes e titores/as...

- *O labor dos docentes, un dos puntos fortes da formación da EGAP.*
- *Docentes e titores/as son moi ben valorados polo alumnado: media de 4,4 en ambos casos.*
- *Os distintos aspectos do labor de docencia e titorización rexistran valoracións entre 4,3 e 4,6.*
- *Melloran as valoracións de docentes e titores/as respecto dos anos anteriores.*
- *Os titores/as da teleformación, avaliados de xeito recorrente coa puntuación máis alta para as distintas cuestións.*
- *Docentes e titores/as logran fomentar o interese polas materias entre o alumnado: a claridade expositiva e a motivación e apoio, dúas constantes no seu labor.*
- *Docentes e titores resolven eficazmente as dúbidas, de acordo coa opinión maioritaria.*
- *Satisfacción co labor dos xestores ou dinamizadores da teleformación no seu labor de motivación, seguimento e resolución de dúbidas organizativas.*

## Motivación para participar nos cursos...

- *“Axudar a mellorar a miña formación”, principal motivo aducido para participar nos cursos da EGAP en 2013 (4,6).*
- *É a opción máis destacada polo persoal das distintas administracións (mulleres e homes), na formación presencial e en liña.*
- *A actualización dos coñecementos e a mellora no desempeño profesional, outras razóns destacadas que levan aos empregados públicos a formarse.*
- *O persoal que accede á formación antepón as motivacións vinculadas coa mellora no desempeño laboral fronte á obtención de puntos para a promoción interna.*
- *O alumnado atribúelle escasa importancia á “obtención de puntos para concursos internos e promoción” (3,6), sendo a motivación menos relevante.*
- *A ampliación dos coñecementos, “mediante unha aprendizaxe continua, autónoma e flexible”, principal motivo para optar pola autoformación.*
- *A formación da EGAP, clave para actualizar a formación dos empregados públicos e adaptala aos cambios no traballo.*

## Aspectos organizativos...

- *A duración das actividades en liña adecúase ao esperado polos alumnos/as: 8 de cada 10 considéranla axeitada.*
- *A satisfacción e o interese que esperta a formación presencial redunda na demanda dunha maior duración dos cursos por unha parte do alumnado.*
- *O proceso de inscrición e matrícula telemática colleita excelentes valoracións: o 94%, 92% e 89% do alumnado dos cursos en liña, presenciais e de autoformación respectivamente avalan esta conclusión.*
- *A organización dos cursos presenciais (información, horario, resolución de incidencias etc), moi ben valorada polo alumnado: o 82% considéranla axeitada.*
- *O bo funcionamento e a solución eficaz dos problemas técnicos, algunhas das claves do éxito da formación en liña: 8 de cada 10 consideran que o curso se desenvolveu sen problemas técnicos e que as eventuais incidencias foron resoltas eficazmente.*
- *A información facilitada sobre o curso foi suficiente, na opinión de 9 de cada 10 alumnos/as.*

## Metodoloxías de ensino...

- *O alumnado da EGAP, altamente motivado para cursar formación na modalidade presencial: estes cursos suscitan gran interese, por canto contribúen ao desenvolvemento e actualización das competencias específicas e á mellora no desempeño laboral, ao abordar contidos sectoriais directamente aplicables ao posto.*
- *As actividades en liña constitúen un entorno participativo, que favorece a colaboración: 9 de cada 10 considera que tivo a posibilidade de interactuar con outros alumnos/as e co titor/a e o 64% está “moi de acordo” con esta afirmación.*
- *A formación en liña achega múltiples vantaxes en termos de conciliación e adaptación ás necesidades de cada persoa: un 86% estima que se lle ofreceu “flexibilidade” para abordar os contidos e un 83% cre que puido “autoorganizar” a aprendizaxe.*
- *A autoformación, novidade en 2013, rexistra un nivel medio de satisfacción de 4,12 e configúrase como alternativa para que o alumnado poida acceder a unha formación continua autónoma e flexible.*



## A opinión dos docentes...

- *O persoal docente, altamente satisfeito cos cursos (4,3, nunha escala 1 a 5): o elevado nivel de satisfacción equipárase ao do alumnado.*
- *A formación presencial e en liña, cualificada maioritariamente como “boa” ou “moi boa”.*
- *A totalidade dos docentes considera que se cumpriron os obxectivos do curso. Ademais, para 8 de cada 10, os obxectivos definidos lograronse integramente.*
- *Excelentes resultados na autoavaliación do desempeño: a práctica totalidade valora como “bo” ou “moi bo” o seu labor docente.*
- *Os titores/as da teleformación, os máis satisfeitos co labor desempeñado no curso: inclínanse en maior medida a cualificalo como “moi bo”.*
- *Os docentes da EGAP valoran positivamente o labor acometido para as distintas vertentes do seu traballo.*
- *A “preparación previa dos contidos”, aspecto mellor valorado polo propio persoal docente (4,5, nunha escala 1 a 5).*
- *Os docentes invisten tamén importantes esforzos no “fomento da participación dos alumnos/as” (4,3).*

## En síntese...

- *Satisfacción xeneralizada e en aumento coa acción formativa da EGAP, nas distintas modalidades de ensino.*
- *O labor dos docentes, clave fundamental da satisfacción coa formación da EGAP.*
- *Mellora nas valoracións de docentes e titores/as respecto dos anos previos.*
- *A formación presencial, lixeiramente mellor valorada que os cursos en liña.*
- *Alumnado altamente motivado para mellorar a formación e o desempeño profesional.*
- *Formación que contribúe á mellora das competencias profesionais dos empregados públicos.*
- *Formación práctica, que ve incrementada a súa aplicabilidade ao posto de traballo.*
- *Formación considerada de interese polos seus destinatarios.*
- *Valoracións moi positivas para os diversos aspectos organizativos.*
- *O desenvolvemento dos cursos, valorado positivamente polo persoal docente.*
- *Consolidación da formación en liña, debido ás vantaxes en termos de flexibilidade e conciliación dos tempos.*
- *Excelente acollida da autoformación, modalidade formativa de carácter flexible implantada en 2013.*